

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN A**

#### **PARTE 1: TEXTOS** (ata / hasta 6 puntos)

1. Tradúzase o seguinte texto / Tradúzcase el texto siguiente:

*O emperador Nerón / El emperador Nerón*

Successit huic Nero, Caligulae avunculo suo simillimus, qui Romanum imperium et deformavit et diminuit. Infitam senatus partem interfecit; bonis omnibus hostis fuit. Parricidia multa commisit. Urbem Romam incendit, ut spectaculi eius imaginem cerneret.

#### **PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE / MORFOLOGÍA Y SINTAXIS** (ata / hasta 1 punto: 0,5 cada pregunta)

2. Analícese morfoloxicamente as palabras do fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese morfológicamente las palabras del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.
3. Analícese sintacticamente o fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese sintácticamente el fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

#### **PARTE 3: LITERATURA** (ata / hasta 1'5 puntos)

**Respóndase soamente a unha** das dúas seguintes cuestións: / **Respóndase solamente a una** de las dos siguientes cuestiones:

- 4a. As partes habituais nos discursos de Cicerón. / Las partes habituales en los discursos de Cicerón.
- 4b. A poesía lírica de Horacio. / La poesía lírica de Horacio.

#### **PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO / LATÍN ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES Y LÉXICO** (ata / hasta 1'5 puntos: 0'75 cada pregunta)

**Respóndase soamente a dúas** das seguintes tres cuestións: / **Respóndase solamente a dos** de las siguientes tres cuestiones:

5. Sinálese o prefixo de orixe latina e explíquesse que significado achega nas seguintes palabras: / Señálese el prefijo de origen latino y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "anticlerical", "disparidade/disparidad", "transversal".
6. Explíquesse o significado das expresións seguintes / Explíquesse el significado de las expresiones siguientes: "**in medio virtus**", "**statu quo**", "**vox populi**".
7. Explíquesse o significado dos seguintes topónimos / Explíquesse el significado de los siguientes topónimos: "Acibeiro", "Compostela", "Poio".

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN B**

#### **PARTE 1: TEXTOS** (ata / hasta 6 puntos)

1. Tradúzase o seguinte texto / Tradúzcase el texto siguiente:

*Os dous mulos e as súas cargas / Los dos mulos y sus cargas*

Muli gravati sarcinis ibant duo:

unus ferebat fiscos cum pecunia,

alter tumentes multo saccos hordeo.

Ille onere dives celsa it cervice eminens;

comes quieto sequitur et placido gradu.

#### **PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE / MORFOLOGÍA Y SINTAXIS** (ata / hasta 1 punto: 0,5 cada pregunta)

2. Analícese morfoloxicamente as palabras do fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese morfológicamente las palabras del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.
3. Analícese sintacticamente o fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese sintácticamente el fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

#### **PARTE 3: LITERATURA** (ata / hasta 1'5 puntos)

**Respóndase soamente a unha** das dúas seguintes cuestións: / **Respóndase solamente a una** de las dos siguientes cuestiones:

- 4a. As partes habituais nos discursos de Cicerón. / Las partes habituales en los discursos de Cicerón.
- 4b. A poesía lírica de Horacio. / A poesía lírica de Horacio.

#### **PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO / LATÍN ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES Y LÉXICO** (ata / hasta 1'5 puntos: 0'75 cada pregunta)

**Respóndase soamente a dúas** das seguintes tres cuestións: / **Respóndase solamente a dos** de las siguientes tres cuestiones:

5. Sinálese o prefixo de orixe latina e explíquese que significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo de origen latino y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "anticlerical", "disparidade/disparidad", "transversal".
6. Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**in medio virtus**", "**statu quo**", "**vox populi**".
7. Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Acibeiro", "Compostela", "Poio".

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE XUÑO**  
**Ano 2019**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*

**LATÍN II (cód. 30)**

**PARTE 1: TEXTOS** (ata 6 puntos)

1. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

**OPCIÓN A**

"A este sucedeuno Nerón, moi similar ao seu tío Calígula, o cal degradou e diminuíu o imperio romano. Matou unha inmensa parte do senado; foi un inimigo para todos os bos. Cometeu moitos parricidios. Incendiou a cidade de Roma, para contemplar a imaxe dese espectáculo".

**OPCIÓN B**

"Dous mulos camiñaban cargados con fardos:

un levaba cestas con diñeiro,

o outro sacos ateigados de moita cebada.

Aquel, rico coa carga, marcha fachendoso co pescozo erguido;

o compañeiro séguelo con paso calmo e tranquilo".

**PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE** (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Hai que analizar morfoloxicamente as palabras do fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor desas palabras no texto en cuestión.

3. Hai que analizar sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítese calquera método de análise que sexa correcto.

**PARTE 3: LITERATURA LATINA** (ata 1,5 puntos)

Hai que responder a unha soa das dúas preguntas propostas; se algún alumno/-a responde ás dúas, terase unicamente en conta a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4a. Hai que explicar as partes nas que habitualmente organiza Cicerón os seus discursos de acordo coa estrutura tradicional que incluía: *exordium*, *narratio*, *argumentatio* e *peroratio*.

4b. Hai que mencionar as obras líricas por antonomasia de Horacio (*Odas* e *Épodos*) e explicar algunhas das súas principais características: temas, modelos, forma, linguaxe, estilo, etc.

**PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO** (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Débese responder soamente a dúas das tres preguntas propostas; se algún alumno/-a responde a máis de dúas cuestións, tomaranse en consideración soamente as dúas que presente primeiro.

Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta. No caso dos topónimos, se hai posibilidade de varias interpretacións, darase por correcto que se explique calquera delas. Nas tres cuestións (5, 6 e 7) a resposta a cada un dos tres elementos polos que se pregunta será valorada con ata 0,25.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2019

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación

**XULLO 2019**

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN A**

#### **PARTE 1: TEXTOS** (ata / hasta 6 puntos)

1. Tradúzase o seguinte texto / Tradúzcase el texto siguiente:

*O emperador Adriano / El emperador Adriano*

Hadrianus pacem omni imperii sui tempore habuit. Orbem Romanum circumiit; multa aedificavit. Facundissimus Latino sermone, Graeco eruditissimus fuit. Non magnam clementiae gloriam habuit. Obiit in Campania maior sexagenario. Senatus ei tribuere noluit divinos honores.

#### **PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE / MORFOLOGÍA Y SINTAXIS** (ata / hasta 1 punto: 0,5 cada pregunta)

2. Analícese morfoloxicamente as palabras do fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese morfológicamente las palabras del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

3. Analícese sintacticamente o fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese sintácticamente el fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

#### **PARTE 3: LITERATURA** (ata / hasta 1'5 puntos)

**Respóndase soamente a unha** das dúas seguintes cuestións: / **Respóndase solamente a una** de las dos siguientes cuestiones:

4a. Principais características da *Eneida*. / Principales características de la *Eneida*.

4b. Cítense tres comedias de Plauto e resúmase o seu argumento. / Cítense tres comedias de Plauto y resúmase su argumento.

#### **PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO / LATÍN ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES Y LÉXICO** (ata / hasta 1'5 puntos: 0'75 cada pregunta)

**Respóndase soamente a dúas** das seguintes tres cuestións: / **Respóndase solamente a dos** de las siguientes tres cuestiones:

5. Sinálese o prefixo de orixe latina e explíquese que significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo de origen latino y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "circunvalar", "introspectivo", "subtítulo".

6. Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**mare magnum**", "**stricto sensu**", "**vice versa**".

7. Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Armenteira", "Fonsagrada", "Pontevedra".

## **LATÍN II**

### **OPCIÓN B**

#### **PARTE 1: TEXTOS** (ata / hasta 6 puntos)

1. Tradúzase o seguinte texto: / Tradúzcase el texto siguiente:

*Vemos mellor os defectos alleos que os propios. / Vemos mejor los defectos ajenos que los propios.*

Peras imposuit Iuppiter nobis duas:  
propriis repletam vitiis post tergum dedit,  
alienis ante pectus suspendit gravem.  
Hac re videre nostra mala non possumus;  
alii simul delinquant, censores sumus.

#### **PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE / MORFOLOGÍA Y SINTAXIS** (ata / hasta 1 punto: 0,5 cada pregunta)

2. Analícese morfoloxicamente as palabras do fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese morfológicamente las palabras del fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.
3. Analícese sintacticamente o fragmento subliñado no texto proposto para tradución. / Analícese sintácticamente el fragmento subrayado en el texto propuesto para traducción.

#### **PARTE 3: LITERATURA** (ata / hasta 1'5 puntos)

**Respóndase soamente a unha** das dúas seguintes cuestións: / **Respóndase solamente a una** de las dos siguientes cuestiones:

- 4a. Principais características da *Eneida*. / Principales características de la *Eneida*.
- 4b. Cítense tres comedias de Plauto e resúmase o seu argumento. / Cítense tres comedias de Plauto y resúmase su argumento.

#### **PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO / LATÍN ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES Y LÉXICO** (ata / hasta 1'5 puntos: 0'75 cada pregunta)

**Respóndase soamente a dúas** das seguintes tres cuestións: / **Respóndase solamente a dos** de las siguientes tres cuestiones:

5. Sinálese o prefixo de orixe latina e explíquese que significado achega nas seguintes palabras / Señálese el prefijo de origen latino y explíquese qué significado aporta en las siguientes palabras: "circunvalar", "introspectivo", "subtítulo".
6. Explíquese o significado das expresións seguintes / Explíquese el significado de las expresiones siguientes: "**mare magnum**", "**stricto sensu**", "**vice versa**".
7. Explíquese o significado dos seguintes topónimos / Explíquese el significado de los siguientes topónimos: "Armenteira", "Fonsagrada", "Pontevedra".

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE XULLO**

**Ano 2019**

*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*

**LATÍN II (cód. 30)**

**PARTE 1: TEXTOS** (ata 6 puntos)

1. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

**OPCIÓN A**

"Adriano tivo paz durante todo o tempo do seu mandato. Percorreu o territorio romano; edificou moitas cousas. Foi moi elocuente na lingua latina, moi erudito na grega. Non tivo grande fama de clemencia. Morreu na Campania con máis de sesenta anos. O senado non quixo atribuírlle honores divinos".

**OPCIÓN B**

"Xúpiter colocounos dúas alforxas:

púxonos ás costas unha chea dos vicios propios,

diante o peito colgounos a outra cargada cos alleos.

Por esa razón non podemos ver as nosas cousas malas;

tan pronto os demais comenten unha falta, censores somos".

**PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE** (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Hai que analizar morfoloxicamente as palabras do fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor desas palabras no texto en cuestión.

3. Hai que analizar sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítese calquera método de análise que sexa correcto.

**PARTE 3: LITERATURA LATINA** (ata 1,5 puntos)

Hai que responder a unha soa das dúas preguntas propostas; se algún alumno/-a responde ás dúas, terase unicamente en conta a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4a. Hai que explicar brevemente as principais características da *Eneida* de Virxilio: xénero, contido, estrutura, personaxes, forma, estilo, etc.

4b. Hai que mencionar tres comedias de Plauto e facer un breve resumo do argumento de cada unha delas.

**PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO** (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Débese responder soamente a dúas das tres preguntas propostas; se algún alumno/-a responde a máis de dúas cuestións, tomaranse en consideración soamente as dúas que presente primeiro.

Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta. Nas tres cuestións (5, 6 e 7) a resposta a cada un dos tres elementos polos que se pregunta será valorada con ata 0,25.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2019

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación